

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE A UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

Feitos

Con data do 25/01/2024, o secretario da comisión de selección da praza 23/1039 de profesor/a substituto/a P06 (convocada por Resolución reitoral do 20 de decembro de 2023), Alejandro Celestino Pazos Sierra, comunica que incorre con algún candidato en conflito de intereses dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos.

Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2014), establecen o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución do secretario.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, o 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a substitución como secretario da praza 23/1039 de Alejandro Celestino Pazos Sierra por María Amparo Alonso Betanzos, que non foi obxecto de recusación, ao non poder actuar o docente do departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información con maior categoría e antigüidade.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación do reitor (R.R. 16/01/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
czXpTrYKanyCYmJ5b/DW8Q==	Asinado	25/01/2024 14:49:20
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Páxina 1/1
Observacións		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/czXpTrYKanyCYmJ5b/DW8Q==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	

